

**PRIMAVERA**  
**XOVE** Lecer educativo  
saudable e seguro  
Maio-xuño 2021

# Albergues xuvenís



Fins de semana  
en albergues xuvenís

## 1.Programación de fin de semana en albergues xuvenís

Este programa levarase a cabo nos **albergues xuvenís LugII**, localizado na cidade de Lugo, e en **Gandarío**, no concello de Bergondo. Ofertaranse un total de **160 prazas** que permitirán aos mozos e mozas ampliar as súas habilidades e competencias, así como participar en actividades físico-deportivas, de aventura e tecnolóxicas, fomentando actitudes de cooperación e respecto.

### Quen pode participar?

O programa está dirixido a mozos e mozas empadroados en Galicia que teñan entre 14 e 17 anos no momento da solicitude e queiran gozar dun programa de actividades de educación non formal nos albergues xuvenís.

### Obxectivos do programa:

- » Mellorar as competencias e habilidades da xuventude a través da educación non formal.
- » Promover un lecer educativo saudable e seguro.
- » Facilitar que as mozas e mozos galegos participantes coñezan a xeografía e patrimonio natural, cultural e etnográfico de Galicia, promovendo o seu respecto e posta en valor.
- » Proporcionar á xente nova a oportunidade de vivir a experiencia do alberguismo xuvenil.

### O programa, que é gratuíto, inclúe:

- » Aloxamento en albergue xuvenil (noites de venres e sábado). A asignación de cuartos será de libre disposición garantindo en todo caso as medidas de prevención e hixiene vixentes por mor da Covid-19.

- » Manutención completa dende a cea do venres ata o almorzo do domingo.
- » Programa de actividades, equipo técnico responsable, así como o material preciso para o seu desenvolvemento (no suposto de mal tempo levaranse a cabo actividades alternativas).

**O desprazamento ata os albergues vai por conta das persoas que participan**, tanto o día de incorporación como o día do remate da actividade.

### Condições de participación

- » Cada persoa solicitante só poderá elixir un programa e unha quenda, se ben no caso de que queden prazas libres, ofreceráselles aos mozos e mozas que presentaran xa unha solicitude de participación a posibilidade de inscribirse noutro programa no que haxa vacantes.
- » As persoas mozas participantes terán que respectar os horarios establecidos.
- » Durante a estancia nos aloxamentos, respectaranse as normas de organización interna en cada un deles, así como as relativas ás condicións hixiénico-sanitarias que serán obrigatorias para as persoas participantes.
- » As persoas mozas participantes deberán cubrir unha declaración responsable de condicións de saúde para facer fronte á Covid-19, que estará dispoñible na páxina web [xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es), e presentala no momento de entrar á actividade seleccionada.
- » As persoas organizadoras reservaranse o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo, incluso de cancelalo no caso de que sexa necesario por seguridade das persoas participantes.
- » A realización e o desenvolvemento das actividades estará suxeito ás condicións meteorolóxicas, así como polas posibles limitacións derivadas da situación sanitaria.
- » A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado poderá cancelar calquera dos programas, no caso de que non exista un número mínimo de participantes. Así mesmo, poderá cancelarse a actividade cando as circunstancias derivadas da situación sanitaria así o aconsellen.

- » Se calquera das persoas participantes incumpre as normas xerais que alteren o desenvolvemento normal das actividades, poderán ser expulsadas do programa correspondente.
- » Será necesario levar a tarxeta sanitaria e o DNI durante os días de realización do programa.
- » A incorporación realizarase o venres pola tarde a partir das 18.00 horas e a saída será ao remate da actividade, que será sempre os domingos antes do xantar (consultar o programa de cada actividade para saber o horario específico).
- » A participación no programa supón a aceptación das condicións deste. Noutro caso poderá excluírse do programa á persoa participante que incumpra as devanditas condicións.

### Material necesario

Útiles de aseo, roupa axeitada (usada e cómoda), prendas de abrigo e chuvia, calzado deportivo (forte e cómodo), mochila e máscaras cirúrxicas ou calquera outra homologada polas autoridades sanitarias en cantidade suficiente para cubrir a fin de semana. É importante que a roupa e o calzado sexan axeitados para as actividades do programa elixido. En cada programa figuran as indicacións a este respecto.

### Prazas

O número de prazas dispoñibles en cada unha das opcións e fins de semana é de 20, o que suma un total de 160 prazas dispoñibles.

### Inscricións e reservas

- » A reserva de praza efectuarase unicamente a través do formulario de inscrición que estará dispoñible na páxina web [xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es)
- » **As prazas asignaranse por estrita orde de chegada sempre e cando se cumpran os requisitos.**

- » **A confirmación da praza farase por correo electrónico tras realizar a inscrición.** Unha vez confirmada a praza haberá **un prazo de 48 horas** para remitir por correo electrónico a **fotocopia escaneada do DNI**. Esta documentación debe enviarse ao enderezo de **correo electrónico [xuventur@xunta.gal](mailto:xuventur@xunta.gal) indicando no asunto o programa ao que está inscrito.**

**Aviso:** a ausencia de datos, que estes sexan erróneos, enviar mal a documentación ou non enviala ocasionará a baixa automática do programa e as prazas quedarán dispoñibles para as persoas en lista de reserva.

### Prazo de inscrición

O prazo de inscrición comezará o día **7 de maio ás 13.00 horas**.

### Adxudicación das prazas

As prazas adxudicaranse, como se dixo anteriormente, por **rigorosa orde de chegada dos formularios de inscrición** ata esgotar todas as dispoñibles por programa.

No formulario de confirmación de solicitude **só se poderá elixir unha quenda**, se ben no caso de que queden prazas libres, ofreceráselles aos mozos e mozas que presentaran xa unha solicitude de participación a posibilidade de inscribirse noutro programa no que haxa vacantes.

Os/As participantes admitidos/as que por calquera causa non poidan finalmente asistir ás actividades, deberán comunicalo á Dirección Xeral Xuventude, Participación e Voluntariado a través do correo electrónico [xuventur@xunta.gal](mailto:xuventur@xunta.gal) cunha antelación mínima de 5 días naturais á data de inicio do programa, co fin de poder asignar as prazas vacantes aos solicitantes da lista de espera. De non facelo así, e sempre que non haxa causa xustificable, quedarán excluídos de participación en sucesivas edicións deste programa e nos demais que poña en marcha a Dirección Xeral Xuventude, Participación e Voluntariado.

# Actividades

## Albergues xuvenís

# Primavera Xove en albergues xuvenís

## Programa 2: Vive virtual en Lugo

### Actividades

Tecnoloxía (drone, realidade virtual, vídeo, fotografía 360, gravación podcast, sublimación e estampado, raid aventura (muralla de lugo, ruta BTT e escalada) e escape room.

### Quendas

- » Do 14 ao 16 de maio
- » Do 21 ao 23 de maio
- » Do 28 ao 30 de maio
- » Do 04 ao 06 de xuño

### Horario

Entrada a partir das 18:00 horas do venres e saída antes das 14:00 horas do domingo.

### Prazas

20 en cada quenda.

### Material indispensable

- » Tarxeta sanitaria orixinal
- » Medicamentos en bolsa de plástico co nome
- » Gorra
- » Crema solar e protector labial
- » Roupa cómoda (recoméndase pantalón longo pola actividade de escalada)
- » Roupa interior suficiente para todos os días
- » Camisetas
- » Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiro ou forro

polar...

- » Zapatillas de deporte
- » Sandalias para a ducha
- » Útiles de aseo
- » Toalla de aseo
- » Máscaras de protección: suficientes para todos os días

### Aloxamento:

#### **Albergue xuvenil Lug2**

Rúa Pintor Corredoira, 4

27002 Lugo

- » Como chegar: A CORUÑA: Autovía A-6, ata o centro de Lugo
- » SANTIAGO DE COMPOSTELA: N-634 e logo autovía A-6, ata o centro de Lugo; ou N-547 e A-54 ata o centro de Lugo
- » OURENSE: N-120 E CG-2.2 ata o centro de Lugo
- » PONTEVEDRA: autoestrada AP-9 ata Santiago de Compostela
- » Teléfono: **982 828 496**

